



CIRCULAR INFORMATIVA 5/2022

1. CAMBIO DE DATA DA 2ª XORNADA DE “CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA: BAIXAS TEMERARIAS E COMPETENCIA NA CONTRATACIÓN LOCAL”

Informámosvos de que por razóns de axenda dos relatores a segunda das xornadas, que estaba prevista para o 28 de abril, pasara a realizarse o 10 de maio.

Día: 10 de maio

Hora: 18.30 h

Lugar: salón de actos do ICA Santiago

Modalidade: presencial e en liña

Prazas sen cubrir: 15 (mod. presencial); sen límite (mod. en liña)

Inscrición: **só para novas inscricións (as persoas que xa se inscribiron na primeira xornada xa quedan automaticamente inscritas para a segunda)**

- Para a **modalidade presencial:** mediante solicitude remitida ao enderezo rexistro@icasantiago.org;
- Para a **modalidade en liña:** mediante o seguinte formulario web https://us06web.zoom.us/webinar/register/WN_-KieU8O-RiyU12IOTCioRQ

Novas inscricións: ata o 4 de maio

Custo: gratuíto

Programa:

Martes, 10 de maio:

18.30 h: “A Lei de contratos do sector público e ofertas a perdas (baixas temerarias)”

José M^a Gimeno Feliu, catedrático de Dereito Administrativo da Universidad de Zaragoza

19.15 h: “Os medios propios da Administración en relación co dereito á competencia”

Javier Ferreira Fernández, catedrático de Dereito Administrativo e xerente da USC

20.00 h: “Experiencia das autoridades autonómicas de competencia en materia de contratación pública”

Ignacio López-Chaves Castro, presidente da Comisión Galega da Competencia

2. XORNADA SOBRE RESPONSABILIDADE CIVIL

Adiantámosvos que o vindeiro 12 de maio, a partir das 19.00 h, ofreceremos no Colexio dúas conferencias sobre responsabilidade civil en colaboración coa corretoría Aon.



Programa:

Xoves, 12 de maio, 19.00 h

- **“Os criterios da Sala 1ª do Tribunal Supremo nos litixios sobre responsabilidade civil”**

José Luis Seoane, maxistrado do Tribunal Supremo

- **“A RC profesional do exercicio da avogacía”**

Gonzalo Iturmendi, avogado e secretario xeral da Asociación Española de Gerencia de Riesgos y Seguros

Esta xornada poderá seguirse de forma presencial ou en liña. Nunha próxima circular abrirase o prazo de inscrición.